

Adeus á primeira agrónomo de Galicia

MARÍA LUISA PÉREZ-SOBA Y BARÓ,

CONSIDERADA A PRIMEIRA MULLER ENXEÑEIRO AGRÓNOMO DE GALICIA, FALECEU O PASADO 8 DE FEBREIRO AOS 90 ANOS DE IDADE, DEIXANDO NESTA TERRA OS RESULTADOS DUNHA DILATADA ACTIVIDADE, QUE SE DESENVOLVEU A TRAVÉS DE NUMEROSOS ESTUDOS E PROXECTOS LEVADOS A CABO EN **CATRO DÉCADAS DE EXERCICIO PROFESIONAL.**

Por Gonzalo Fernández

Aínda que non naceu en Galicia, "Marisina", como era coñecida esta muller pioneira, con apenas uns meses converteríase nuha galega máis cando aínda non se proclamara a II República en España. A finais de 1930 o seu pai, **Antonio Pérez-Soba**, daquela comandante do Exército Español, foi destinado á Coruña para facerse cargo da **Brigada Obrera e Topográfica de Estado Maior**, na súa Comisión Xeográfica de Galicia. Así, dende moi cativa respirou os aires do agro galego que, anos despois despertarían a súa vocación agronómica.






TRAS INGRESAR NA ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑEIRÓS AGRÓNOMOS DE MADRID, ONDE FOI A NOVENA DUNHA PROMOCIÓN NA QUE, SORPRENDEMENTEMENTE, HABÍA DÚAS MULLERES –NON HABÍA MÁIS EN TODA A ESCOLA– ENTRE 56 HOMES, OBTIVO O SEU TÍTULO DE ENXEÑEIRO AGRÓNOMO O 11 DE XUÑO DE 1960, E ANOS MÁIS TARDE O DOUTORAMENTO

Nada en Burgos cando esta cidade celebraba as súas festas máis grandes, as de San Pedro e San Pablo, o 29 de xuño de 1930, María Luisa tampouco procedía dunha familia de orixe galego. O seu pai, que acadaría o máis alto cargo militar –o de teniente xeneral–, nacera en Madrid a principios do século XX, e a súa nai, **María Luisa Baró Morón**, nunha casa forestal da Serra de Cazorla (Xaén). Alí fora destinado **Fernando Baró Zorrilla** como enxeñeiro de Montes, o avó de "Marisina", de quen sempre dixo que lle axudara moito na súa época de estudante na Escola de Enxeñeiros Agrónomos.

A vida de María Luisa transcorreu case na súa totalidade en Galicia: primeiro na Coruña, onde estudou Primaria no **Colexio San Xosé-Nais Xosefinas** e o Bacharelato no **Colexio do Sagrado Corazón de Placeres** (Pontevedra), onde fora matriculada ao perder á súa nai á temperá idade de 12 anos. Na Coruña nacerían ademais os seus tres irmáns: Antonio, Fernando e María del Pilar, os dous maiores enxeñeiros coma ela. Tras ingresar na **Escola Superior de Enxeñeiros Agrónomos de Madrid**, onde foi a novena dunha promoción na que, sorprendentemente, había dúas mulleres –só outras catro as precederon en toda a historia da escola– entre 56 homes, obtivo o seu título de enxeñeiro agrónomo o 11 de xuño de 1960, e anos máis tarde o doutoramento.

"Marisina" casouse na igrexa que por entón había xunto á súa escola o 8 de novembro de 1961 e o fixo co tamén doutor enxeñeiro agrónomo **Pedro Fernández Rico**, quen foi condecorado en 1970 coa Encomenda da Orde ao Mérito Agrícola. Ambos exerceron a maior parte da súa profesión en Galicia: el no entón chamado Iryda (Instituto Nacional de Reforma y Desarrollo Agrario) e ela en **Industrias e Comercialización Agraria (ICA)**, áreas nas que ambos chegaron a ser xefes provinciais, e mesmo María Luisa chegou a desempeñar en funcións o cargo de **delegada provincial da Consellería de Agricultura na Coruña**. Deste matrimonio naceron tres fillos: Pedro, Álvaro e Gonzalo, pero só o mediano seguiu a vocación dos seus pais, aínda que apenas a exerceu.

Recente fotografía
de María Luisa
Pérez-Soba ante o
Castelo de Santa
Cruz, en Oleiros
(A Coruña)



NA SÚA TRAXECTORIA PROFESIONAL TAMÉN DESTACOU COMO UNHA DAS PERSOAS QUE CONTRIBUÍRON A CREAR EN GALICIA NOS ANOS SESENTA O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS AGRÓNOMOS E AS SÚAS DELEGACIÓNS DA CORUÑA, OURENSE E PONTEVEDRA, QUE POR ENTÓN NON EXISTÍAN. NESTA INSTITUCIÓN DESEMPEÑO DURANTE VARIOS ANOS ENTRE 1962 E 1976 O CARGO DE SECRETARIA

Colexio

Na súa traxectoria profesional tamén destacou como unha das persoas que contribuíron a crear en Galicia nos anos sesenta o **Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos** e as súas delegacións da Coruña, Ourense e Pontevedra, que por entón non existían. Nesta institución desempeñou durante varios anos entre 1962 e 1976 o cargo de **secretaria**. A pesar de que María Luisa se introduciu alá polos anos da Transición na política, colaborando na instauración da entón **Alianza Popular** en Galicia, e de que ocupou postos nalgunha executiva desta formación, nunca quixo presentarse a unhas eleccións, chegando a rexeitar postos nas listas que lle ofreceran neste partido.

Galicia di adeus deste xeito a unha muller que, lonxe de reivindicar un feminismo mal entendido, serviu de exemplo co seu traballo a moitas outras que agora poden desempeñar cargos de responsabilidade pola súa formación e traxectoria profesional. Unha muller do século XXI formada nos tempos que algúns chaman do "branco e negro", e que abriu o camiño nesta terra a outras enxeñeiras agrónomas. Así consta no estudo "**Mulleres pioneiras en ciencia e tecnoloxía en Galicia**", elaborado por **Isabel Fernández García**, catedrática de universidade do Departamento de Química Inorgánica da Universidade de Santiago, e por **Esther Gómez Fórneas**, catedrática de escola universitaria no mesmo departamento. ■

eco

número 358 ■ marzo 2021 ■ 3,90 €

REVISTA DO EIXO ATLÁNTICO

**O MAR REVOLTO QUE DEIXA O BREXIT
TEMPERAN AS PREVISIÓNS DE CRECEMENTO ECONÓMICO
AUMENTAN AS MULLERES DIRECTIVAS EN GALICIA**

**ALBERTO VARELA: “É CERTO QUE HAI UNHA CRISE SANITARIA PERO TAMÉN
HAI UNHA CRISE ECONÓMICA, E AMBAS TEÑEN QUE PREOCUPARNOS”**

